TR802R

ES-Transforma

Procedemento dirixido a: Empresas e profesionais

Convocatoria 2026 - Prazo pechado: 01/07/2026 09:00 - 15/09/2026 20:00

Consellería de Emprego, Comercio e Emigración

Que é e para que serve

Este programa ten como finalidade apoiar á creación de cooperativas ou sociedades laborais, por ser un modelo económico que xera emprego estable e de calidade, unha maior vinculación co territorio e unha mellora no benestar social, nos seguintes supostos:

- No caso de ausencia de remuda xeracional, cando as persoas desempregadas que traballaban nunha sociedade que non ten remuda xeracional por xubilación ou crise económica e constitúan unha cooperativa ou unha sociedade laboral;

- Fomentar a unión en cooperativa ou sociedade laboral de persoas autónomas con experiencia que acadarían así unha maior seguridade, fortaleza económica e financeira, además de incrementar a súa carteira de clientes e mellorar a súa solvencia.

- Fomentar que as persoas traballadoras que decidan asumir a titularidade da empresa na que traballan a través dunha destas fórmulas de economía social, achegando á xestión da mesma o seu coñecemento especializado na actividade económica , o que permitirá facela máis sustentable no tempo.

- Fomentar que todo tipo de sociedades se transformen en cooperativa ou SSLL por tratarse dun modelo de negocio máis sustentable no tempo, resiliente, solidario e cunha organización democrática, onde a prioridade son as persoas e os obxectivos sociais.

Quen pode solicitalo

As sociedades laborais ou cooperativas.

Requisitos

Con carácter xeral, as entidades beneficiarias deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ter a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir as condicións da axuda.

b) Estar ao día nas súas obrigas tributarias e da Seguridade Social.

c) Non ter sido sancionadas mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións.

d) As cooperativas e sociedades laborais deberán estar ao día no cumprimento das súas obrigas legais referidas á presentación de documentos, das contas anuais e a inscrición de acordos sociais nos rexistros competentes no momento de presentación da solicitude.

e) Acreditación da formalización da constitución ou da transformación cuxa data de inscrición no rexistro correspondente debe ser anterior á data de presentación da solicitude, segundo a documentación complementaria requirida no artigo 11.1.

3. Non poderán obter a condición de beneficiarias aquelas entidades que se encontren nalgún dos seguintes supostos:

a) Que as persoas promotoras ou integrantes das cooperativas ou sociedades laborais fosen condenadas en sentenza firme por delito contra o patrimonio, contra a orde socioeconómica, de falsidade documental, contra a Facenda Pública, a Seguridade Social ou contra os dereitos das persoas traballadoras.

b) Que as persoas promotoras ou integrantes das cooperativas ou sociedades laborais fosen condenadas por sentenza firme como persoa afectada pola cualificación de procedemento concursal declarado culpable.

c) Que as que estean incursas nalgunha das prohibicións para obter a condición de beneficiaria sinaladas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no artigo 10 da Lei9/2007, do 13 de xuño.

Cando se pode solicitar

Prazo de presentación: PECHADO

01/07/2026 09:00 - 15/09/2026 20:00

1. O prazo de presentación de solicitudes comezará o quinto día hábil posterior ao día da publicación desta orde noDiario Oficial de Galicia,ás 9.00 horas, e finalizará o 15 de setembro de 2026, ás 20.00 horas, agás que se produza o suposto de esgotamento do crédito.

2. No suposto de que antes de finalizar o prazo de presentación de solicitudes se esgote o crédito establecido na convocatoria, o órgano concedente acordará a inadmisión de solicitudes e publicará tal circunstancia no DOG e na páxina web da Consellería.

Como se tramita

Esta solicitude débese presentar por internet a través da sede electrónica.

Tramitar en liña

A solicitude débela presentar electronicamente a través do botón "Tramitar en liña" dispoñible nesta páxina.

Para presentar a solicitude en liña:

- Pulsa o botón «Tramitar en liña» desta páxina.
- Identifícate electronicamente.
- Firma a solicitude cun sistema de sinatura electrónica admitido.

Podes consultar os sistemas de identificación e firma admitidos na sede electrónica da Xunta de Galicia na seguinte ligazón.

Que documentación hai que presentar

A documentación que debes presentar depende do tipo de solicitude que realices.

A Administración poderá comprobar automaticamente algúns datos necesarios para a tramitación.

Se non pode comprobalos, indicarémosche que documentos debes achegar.

Nalgúns casos, terás que completar e presentar formularios adicionais, chamados anexos.

Podes descargalos desde a ligazón que aparece xunto ao nome de cada formulario.

Documentación

Solicitudes

1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado (anexo I) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (https://sede.xunta.gal).

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (https://sede.xunta.gal/chave365).

2. As entidades solicitantes deberán presentar unha única solicitude, que deberá estar acompañada da documentación complementaria sinalada nesta orde.

3. A presentación da solicitude supón a aceptación das obrigas reguladas nesta orde para ser beneficiaria da axuda, asi como a aceptación da axuda.

Documentación complementaria

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

a) Anexo III de comprobación de datos de terceiras persoas interesadas.

b) Cando se actúe mediante representación, achegarase un poder suficiente da persoa representante para actuar en nome da persoa representada, agás inscrición no Rexistro Electrónico Xeral de Apoderamentos de Galicia e o Rexistro autonómico de persoas titulares de determinados órganos ou cargos.

c) No caso de non ter realizado o servizo ou feito o investimento, achegaranse o/s orzamento/s ou factura/spro forma.

Se realizase o servizo ou fixese o investimento, achegaranse as facturas e o seu correspondente xustificante bancario de pagamento. Neste caso, a entidade solicitante poderá presentar, coa solicitude de subvención, a solicitude de pagamento (anexo II) e a documentación exixida para a fase de xustificación, para que se tramiten conxuntamente a concesión e o pagamento da subvención.

De conformidade co establecido no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cando o importe do gasto subvencionable supere a contía prevista para o contrato menor no artigo 118 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, a entidade interesada deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes entidades provedoras, con carácter previo á contracción do compromiso para a obra, prestación do servizo ou entrega do ben, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables

non exista no mercado suficiente número de entidades que o realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que se deberán achegar coa solicitude da subvención, realizarase de conformidade con criterios de eficiencia e economía, e deberase xustificar expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

A entidade solicitante deberá presentar unha declaración responsable de persoas e empresas vinculadas, na cal acredite que as ofertas presentadas non corresponden a empresas vinculadas á solicitante nin a persoas relacionadas con ela ata o 4º grao de consanguinidade ou afinidade.

d) Así mesmo, a entidade solicitante deberá achegar os seguintes documentos en función do suposto en que incorra respecto dos relacionados no artigo 5.1:

d.1) No caso do artigo 5.1.a), de ausencia de remuda xeracional:

i. Soporte documental acreditativo de despedimento ou extinción por outras causas dos contratos laborais das persoas socias promotoras da entidade de nova constitución ou cooperativistas coa persoa ou entidade empregadora, mediante algún dos seguintes medios:

(a) Documentación acreditativa do despedimento ou extinción da relación laboral das persoas socias integrantes da sociedade laboral ou cooperativa, por causas alleas á vontade da persoa traballadora, a través dalgún dos seguintes medios: comunicación escrita da persoa empresaria extintiva da relación laboral conforme o artigo 55.1 do Estatuto dos traballadores, acta de conciliación ou resolución xudicial firme.

(b) Ademais, para o caso de peche de feito, sen remisión de carta de despedimento ou en situación pendente de declaración xudicial de extinción do contrato de traballo: testemuño de presentación de demanda ante o xulgado do social por falta de pagamento de salarios por un prazo superior a tres meses, acreditación de peche do establecemento e incumprimentos da persoa empresaria mediante acta da Inspección de traballo.

ii. Escritura pública de constitución e acreditación da súa inscrición no rexistro correspondente.

d.2) No caso do artigo 5.1.b) de constitución por persoas autónomas: alta no Censo de obrigados tributarios da Axencia Estatal de Administración Tributaria (modelo 036 ou 037), así como documentación acreditativa do período de alta no réxime especial de autónomos ou na mutualidade do colexio profesional das persoas promotoras. Achegarase tamén a escritura pública de constitución da nova entidade e acreditación da súa inscrición no rexistro correspondente.

d.3) Nos casos do artigo 5.1.c) de constitución por transformación, achegaranse a escritura pública de transformación e a acreditación da súa inscrición no rexistro correspondente.

e) No caso de que a entidade solicitante estea formada maioritariamente por persoas emigrantes retornadas, achegaranse os documentos xustificativos do nacemento en Galicia da

persoa solicitante e, ademais, no caso de alegar algunha relación de parentesco coa persoa nacida en Galicia, a documentación que acredite o vínculo con esta. Tamén se achegarán os certificados de persoa emigrante retornada, expedido polas delegacións ou subdelegacións do Goberno, baixa consular ou calquera outra documentación que acredite fidedignamente a residencia no exterior e a data de retorno a España.

f) No caso de que a entidade solicitante estea formada maioritariamente por persoas trans, achegarase a documentación que xustifique a obtención ante o Rexistro Civil da rectificación da mención relativa ao sexo ou ben o cambio de nome para a asignación dun diferente ao do sexo rexistrado ao nacer.

g) No caso de que a entidade solicitante estea formada maioritariamente por persoas con discapacidade, a documentación acreditativa da discapacidade recoñecida fóra de Galicia, de ser o caso.

De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán recadados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se poden obter os citados documentos, poderáselle solicitar novamente á persoa interesada que os achegue.

2. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o cal poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberanse indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

4. No caso de que algún dos documentos que se van presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no paragrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Comprobación de datos

1. Para a tramitación deste procedemento consultaranse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

a) NIF da entidade solicitante.

b) DNI ou NIE da persoa representante.

c) NIF da entidade representante.

d) Alta no imposto de actividades económicas da entidade solicitante.

e) Vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social das persoas socias da entidade solicitante.

f) Certificación de estar ao día nas obrigas coa Axencia Estatal de Administración Tributaria.

g) Certificación de estar ao día nas obrigas coa Atriga.

h) Certificación de estar ao día nas obrigas coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

i) Comprobación de subvencións e axudas públicas concedidas.

j) Consulta de inhabilitacións para obter subvencións e axudas.

k) Consulta de subvencións e axudas públicas afectadas pola regrade minimis.

l) Informe de estar inscritos como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego, na data inmediatamente anterior á data de constitución da entidade solicitante, das persoas socias da entidade solicitante.

Consultaranse, ademais, os seguintes datos das persoas socias da entidade solicitante cando se faga constar na solicitude que lles é de aplicación a circunstancia que acredita o documento correspondente:

a) Certificado de discapacidade recoñecida pola Xunta de Galicia.

b) Consulta de datos de residencia con data de última variación do padrón.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas que presenten os documentos correspondentes.

4. A comprobación será realizada polo órgano competente en cada unha das fases de xestión, control e verificación das axudas.

Trámites administrativos posteriores

Todos os trámites administrativos que as entidades interesadas deban realizar tras a presentación das solicitudes do procedemento regulado nesta orde deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (https://sede.xunta.gal).

Anexos

Fase de solicitude
- Comprobación de datos de terceiras persoas interesadas (Anexo III)

Fase de xustificación
- Solicitude de pagamento (Anexo II)

Que vai pasar despois de que o presente

Canto tempo ten a Administración para resolver a solicitude?

O prazo máximo para resolver e notificar será de tres meses desde a presentación da solicitude pola persoa interesada, sen que poida superar o 31 de decembro de 2026.

Que ocorre se non recibes resposta?

Se pasa o prazo establecido para resolver e non recibes unha resposta expresa, a túa solicitude considérase desestimada por silencio administrativo.

Isto significa que a solicitude non se considera aprobada.

A Administración segue estando obrigada a resolver a túa solicitude aínda que transcorra este prazo.

A resolución pode ser:

- Estimatoria (cando aprobamos a túa solicitude).
- Desestimatoria (cando non aprobamos a túa solicitude).

Se non aprobamos a túa solicitude, podes presentar un recurso para pedir que revisemos a decisión.

Como podes consultar ou realizar trámites despois de presentar a solicitude?

Unha vez que presentes a solicitude e se inicie o expediente (conxunto de documentos e actuacións relacionados coa túa solicitude), podes realizar trámites electrónicos a través da Carpeta cidadá (espazo privado onde podes consultar as túas xestións coa Administración) na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Desde a Carpeta cidadá podes:

- Consultar o estado do teu expediente.
- Acceder á documentación.
- Realizar os trámites que estean dispoñibles.

Se non estás obrigado a relacionarte electronicamente coa Administración, tamén podes realizar estes trámites de xeito presencial nas oficinas de asistencia en materia de rexistro (oficinas onde podes presentar documentos e recibir axuda para os teus trámites).

Podes consultar a localización destas oficinas en:

https://012.xunta.gal/servizos-destacados/oficinas-de-atencion

Nestas oficinas non é necesario solicitar cita previa.

Se desexas garantir a túa atención nunha hora determinada, solicita cita previa en:

https://012.xunta.gal/servizos-destacados/cita-previa

Onde obter máis información

Podes obter máis información chamando ao teléfono 012 ou ao 981 900 643, servizo de información da Xunta de Galicia.

Xunta de Galicia Consellería de Emprego, Comercio e Emigración
Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais
Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social Subdirección Xeral de Economía Social
Servizo de Promoción da Economía Social

San Lázaro

15785 Santiago de Compostela (Coruña, A)

Teléfono: 981 544 784

Email: economiasocial.emprego@xunta.gal

Órgano responsable

Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social

Normativa

ÁmbitoAutonómico

- Orde do 3 de xuño de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras do programa ES-Transforma en cooperativas ou sociedades laborais e se procede á súa convocatoria para a anualidade 2026 (DOG nº 116 do 23 de xuño de 2026). Ligazón á normativa
- Extracto da Orde do 3 de xuño de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras do programa ES-Transforma en cooperativas ou sociedades laborais e se procede á súa convocatoria para a anualidade 2026 (DOG nº 116 do 23 de xuño de 2026). Ligazón á normativa
- Resolución do 19 de outubro de 2026, da Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social, pola que se fai público o esgotamento do crédito das aplicacións orzamentarias 14.04.324C.471.0 e 14.04.324C.771.0 destinadas ao financiamento das axudas establecidas na Orde do 3 de xuño de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras do programa ES-Transforma en cooperativas ou sociedades laborais e pola que se procede á súa convocatoria para a anualidade 2026 (DOG nº 205 do 27 de outubro de 2026). Ligazón á normativa